

**Resolución do 10 de novembro de 2019, do tribunal designado para o acceso e ingreso nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocado pola Orde do 31 de maio de 2019 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 115 do 19 de xuño)**

Na sesión que tivo lugar o día 10 de novembro de 2019, o tribunal nomeado pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 195 do 14 de outubro), designado para vulgar o acceso e ingreso nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre, de conformidade co disposto nas bases 6.6 e 6.7 da convocatoria, unha vez realizadas a proba de avaliación dos coñecementos e a proba de avaliación do coñecemento da lingua galega no Recinto feiral s/n, 36540 Silleda (Pontevedra) o pasado 27 de outubro,

ACORDOU:

PRIMEIRO. Á vista das reclamacións e alegacións presentadas, anular as preguntas número 22 e 48 do primeiro exercicio, pasando a ocupar o seu posto as preguntas de reserva 1 e 2.

Corrixir no modelo de respostas publicado a resposta da pregunta número 58, sendo a resposta correcta a «C».

Desestimar o resto das reclamacións e alegacións presentadas.

SEGUNDO. Publicar na sede da AGASP e na súa páxina web como Anexo I a esta Resolución, a listaxe das persoas aspirantes que aproban o primeiro exercicio por orde decrecente da puntuación obtida.

Os restantes aspirantes que non figuran nesta listaxe quedan eliminados por no presentarse ou non acadar a puntuación mínima esixida nas bases.

De acordo co disposto na base 6.7 da convocatoria os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas no prazo de cinco días, que se contarán desde a publicación desta resolución.

CUARTO. Publicar na sede da AGASP e na súa páxina web como Anexo II a esta resolución, a listaxe das persoas declaradas aptas na proba de coñecementos da lingua galega.


Os restantes aspirantes que non figuran nesta listaxe quedan eliminados por non presentarse ou non acadar a puntuación de apto/a nesta proba.

QUINTO. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso administrativo ante o órgano competente conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tal como establece a disposición derradeira da orde da convocatoria.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2019

O presidente do tribunal

Alejandro Tuero González

A handwritten signature in blue ink, consisting of stylized cursive letters, positioned below the printed name.